



ADDENDA SEGUNDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE AMES PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN SETE CENTROS EDUCATIVOS RADICADOS NO CONCELLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e bFormación Profesional

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou co Concello de Ames o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Ames para a xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros educativos CEIP A Maía, código de centro 15000107; CEIP Agro do Muíño, código de centro 15032625; CEIP de Barouta, código de centro 15026637; CEP de Ventín, código de centro 15025220; EEI do Milladoiro, código de centro 15032807; EEI da Igrexa, código de centro 15019542; EEI Covas, código de centro 15020659 radicados neste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Concello de Ames, dadas as súas características xeográficas e sociodemográficas, é o concello no que están radicados os centros educativos CEIP A Maía, CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta, CEP de Ventín, EEI do Milladoiro, EEI A Igrexa e EEI Covas e, polo tanto, trátase da Administración Pública máis próxima ás comunidades educativas destes centros.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un

carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorre nestes centros de ensino público radicados no concello unha problemática singular, non extrapolable a centros educativos existentes noutros concellos galegos, dada a demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso





educativo complementario sexa xestionado a través do concello para os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027.

No caso do referido expediente, escóllese a fórmula que se adapta ás especificidades das actividades concretas a desenvolver polo Concello de Ames, o cal solicitou expresamente a colaboración da Administración Autonómica, en razón ás circunstancias previas de xestión do comedor escolar do CEIP A Maía, CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta, CEP de Ventín, EEI do Milladoiro, EEI A Igrexa e EEI Covas, radicados neste concello, logo de obter previamente o acordo coas respectivas ANPAS sobre a xestión municipalizada dos servizos, circunstancia que determina o específico tratamento articulado mediante esta addenda segunda ao convenio de colaboración, a asinar entre a consellería e o concello.

Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Secretaría Xeral Técnica da consellería, fundamentada en asinar convenios para a xestión de comedores escolares con todos os concellos que o solicitaron, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

A elección do procedemento de concesión directa das axudas, previstos na normativa vixente en materia subvencional, pertence indiscutiblemente ao ámbito competencial propio do órgano xestor. Efectivamente, soamente corresponde ao xestor elixilo por razóns de oportunidade en razón ás situacións dadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nin mediante outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela, na data e hora da súa sinatura electrónica

